

Celebrada hoxe a súa Asemblea Xeral

**A ASEMBLEA DE EROSKI APROBA AS CONTAS DO
2018 E DECIDE DESTINAR OS 14 M€ DE
BENEFICIOS A RESERVAS**

- A Asemblea Xeral ratifica as contas anuais cunha mellora dos seus beneficios operativos por sexto ano consecutivo ata chegar aos 163 M€
- Acórdase tamén a creación dun fondo de cooperación
- Queda referendada a sinatura do acordo de refinanciamento alcanzado coas entidades financeiras
- A Asemblea Xeral de delegados, órgano de máxima decisión da cooperativa, convocou 250 Socios Traballadores e 250 Socios Consumidores

Barakaldo, 19 de xuño do 2019.- [EROSKI](#) celebrou esta tarde a súa Asemblea Xeral Ordinaria anual en Barakaldo (Biscaia), á que estaban convocadas 500 persoas socias representantes dos seus colectivos de Socios Traballadores e Socios Consumidores. O seu presidente, Agustín Markaide, repasou os obxectivos alcanzados o pasado exercicio e a consolidación da súa transformación co sostemento de resultados positivos.

Markaide salientou *"o crecemento dos beneficios operativos -antes de deterioracións resultado de vendas de inmovilizado, actividades non correntes, financeiros e impostos- do grupo, que encadean 6 anos de mellora sucesiva e que alcanzaron os 163 millóns de euros, o que confirma a solidez da nosa actividade e, polo tanto, a saúde do negocio"*. Unhas contas, tanto as anuais individuais da cooperativa como as consolidadas do Grupo EROSKI, que a Asemblea Xeral aprobou, xunto co Informe de Xestión do exercicio 2018.

Os socios cooperativistas presentes, ademais, acordaron destinar a reservas a totalidade dos 14 millóns de euros de beneficios alcanzados pola cooperativa matriz o pasado exercicio, igual ca os dous anos anteriores.

Fondo solidario

Ademais, o órgano de máxima decisión da cooperativa aprobou a creación dun fondo solidario para axudar no futuro os socios que así o precisen a realizar a achega ao capital social necesario marcado nos estatutos da cooperativa. *"Coa aprobación deste fondo queda demostrada unha vez máis a fortaleza dos nosos principios cooperativos e a solidariedade que deles emana"*, afirmou Agustín Markaide.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

Durante a Asemblea Xeral, o presidente de EROSKI repasou os termos do acordo de refinanciamento alcanzado o pasado marzo coas principais entidades bancarias que representan a maior parte da súa débeda, e que está en curso de extensión ao resto de entidades para así culminar o proceso o próximo xullo. Os delegados da asemblea referendaron o devandito acordo de refinanciamento. *"Abordamos os nosos retos cun horizonte de estabilidade financeira para os vindeiros 5 anos, o que nos permite seguir a desenvolver a nosa folla de ruta e cumprir cos acordos alcanzados"*, apuntou Agustín Markaide.

Amplio proceso de participación previo

A asemblea celebrada esta tarde conclúe un amplo proceso de participación previa dos Socios Traballadores e Socios Consumidores de EROSKI, que suma 60 xuntas preparatorias realizadas nas principais cidades do País Vasco e Navarra que culminaron cunha consulta sobre as materias presentadas á asemblea de delegados.

A presidenta do Consello Reitor de EROSKI, Leire Mugerza, puxo en valor o modelo cooperativo. *"Culminamos hoxe un amplo proceso participativo para poder tomar decisións entre todas as persoas que formamos EROSKI, e o resultado deste proceso demóstranos, unha vez máis, a realidade dun xeito diferente de facer empresa. O valor do proxecto e das persoas que son parte de el, xuntas, primando o colectivo fronte ao individual, buscando os mesmos obxectivos de futuro. Porque esta etapa vólvenos demostrar o que levamos sendo nos últimos 50 anos, pero, sobre todo, o que podemos ser"*, afirmou Mugerza.

Sobre EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e operador de referencia nas rexións de Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares. A súa rede comercial ascende a 1.652 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash & carry; amais de gasolineras, ópticas, oficinas de viaxes e tendas de equipamento deportivo. Conta con máis de 6 millóns de Socios Clientes e con máis de 33.000 socios cooperativistas e traballadores.

EROSKI

Dirección de Comunicación Corporativa
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)